

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "FORUM DUAL" (2022/E001/000015). RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS.

O tribunal, recibido un escrito de alegacións de D.^a María Dulce Calvo Mata, analiza a solicitude (a pesar de ser realizada de forma extemporánea e por unha candidata que non superou a fase de oposición posterior, polo que unha hipotética modificación da baremación non afectaría ao resultado final do proceso) e acorda, de acordo co principio de transparencia, revisar a alegación e reafirmar as puntuacións outorgadas na súa sesión do día 28 de setembro de 2022, con base nos seguintes feitos:

1-. A experiencia laboral foi valorada conforme aos mesmos criterios aplicados para o conxunto de persoas aspirantes en cada unha das categorías. Concretamente, no caso que ocupa e no que sinala a alegación de D.^a María Dulce Calvo Mata, non se valorou (ao igual que ao resto de candidatas) a experiencia como titora para o posto de directora do obradoiro ao que optaba, por considerar que non son funcións homologables e, de feito, existe unha praza específica tamén para esas funcións nesta convocatoria; mentres que si se valorou (aínda que a alegante considera que non) a experiencia laboral como "prospectora", e foi debidamente baremada.

2-. Os cursos presentados foron valorados ou non conforme ao recollido nas bases e o acordado polo tribunal para todas as persoas aspirantes: non valorar formación non vinculada co posto de traballo; non valorar formación non acreditada mediante títulos homologados por institucións públicas; non valorar máis dun curso da mesma materia (dando preferencia, sempre, a aquel curso de maior puntuación para a persoa aspirante, dentro dos que cumprisen os requirimentos).

Analizada novamente a documentación presentada por D.^a María Dulce Calvo Mata, o tribunal acorda ratificar a súa puntuación.

Carballo, 05 de outubro de 2022



Vítor Recarel Añón

Secretario do Tribunal